



PASEOS LITERARIOS POLA PROVINCIA DA CORUÑA 2022

**MARCOS CALVEIRO
O SANTIAGO DE COMPOSTELA DE
FESTINA LENTE**

O Santiago de Compostela de Festina Lente

Devagar, un carro baixa chirlando polo Preguntoiro ateigado de libros prohibidos e expurgados polo Santo Oficio. Estamos en Compostela no ano do Noso Señor de 1627 e este é o colofón do códice que, caderniño a caderniño, o encadernador Ambrosio Cavaleiro coseu na soidade do seu obradoiro da rúa da Armada dende que era un aprendiz canda o seu mestre. As campás, tristeiras, repenican a defunto, o vento zoa nas rúas e esparexe o capítulos todos da súa existencia. As páxinas de pergamiño, como faíscas, danzan sobre os tellados e os campanarios furtando á voraz desmemoria as lembranzas fuxidías, os acenos, mecos e rostros dunha vida. O coñecemento, como a pedra gravada polos arxinas a cicel e maceta dende a noite dos tempos, permanece no alento dunha idade incerta asolagada polo silandeiro andazo da intolerancia.

A vida comezara cunha escritura notarial en Pontedeume no ano 1578 pola que un mozo chamado Ambrosio Cavaleiro convértese en pupilo de Ubaldo Luaces, encadernador de Santiago de Compostela, do que será aprendiz e andado o tempo herdará o seu obradoiro na cidade ata a súa morte en 1627.

A novela desenvólvese fundamentalmente en Compostela. Unha cidade aínda ben amurallada e previa ao esplendor barroco que a converteu no que hoxe é a vista de todos os seus visitantes. Non hai pazo de Raxoi aínda, e a catedral é máis que nada unha gran basílica románica cuns espectaculares pórticos en pedra policromada e un feixe de capelas adxacentes na súa ábsida.

Muralla de Santiago de Compostela

Nove foron as súas portas e poxigos, entre as principais, as da Trindade, do Camiño, a Faxeira, a de san Francisco, a da Trindade, a da Mámoa ou a da Pena, das cales só queda pegada hoxe no rueiro da cidade. Na época en que se ambienta a novela, dacabalo entre o século XVI e XVII, xa están nun estado lamentable en moitos dos seus tramos. Malia todo, teñen aínda valor defensivo e péchanse ante as novas de piratas berberiscos ou ingleses na costa galega. Tamén serven de sistema de control fiscal da cidade e medio de cobro de toda caste de tributos, e finalmente como medio de illamento hixiénico en caso de andazo, circunstancia moi habitual naqueles tempos.

Na novela *Festina Lente*, a muralla é unha presenza omnipresente, un elemento polo que transitan todos os seus personaxes e que marca a súa vida ante calquera sospeita de ataque ou andazo.



(mapa da muralla de 1595)

Itinerario *Festina Lente*:

–Fonte de Santo Antonio, Arco de Mazarelos, cantón de San Bieito, praza de Cervantes, praza da Inmaculada, praza de San Miguel e praza do Obradoiro (Todas as localizacións van acompañadas das coordenadas de Google Maps)

Fonte da Santo Antonio (42.87746, -8.54304)

Atópase sobre o derradeiro baluarte que se conserva, en mellor estado e máis distinguible de todos os que tivo a muralla.

Existen ao longo da cidade outros restos da muralla, en moito peor estado, que pasamos a enumerar:

–Na Praza da Oliveira queda un baluarte embutido entre outras edificacións e case esvaecido entre elas, polo que resulta case indistinguible.

–Un pequeno lenzo visible na rúa Entremuros 18, que corresponde coa cara interior da muralla.

–Na cafetería Nueva Muralla, na rúa da Senra 18, no seu chan acristalado poden verse uns restos tamén.



Arco de Mazarelos (42.877966,-8.542214)

Única porta conservada na actualidade das que tivo a desaparecida muralla que protexía todo o actual casco histórico compostelán. Cada unha das súas portas era destino dos peregrinos segundo a súa procedencia: na porta Francíxena ou do Camiño desembocaba o Camiño Francés orixinal e era considerada a principal porta da cidade, pola Faxeira os romeiros do Camiño Portugués, pola da pena os ingleses e flamengos... Tamén determinaban as portas as chegadas dos produtos ou víveres para a cidade, así o peixe de Noia, Fisterra e Pontevedra entraba pola Faxeira, e pola de Mazarelos as arrobas de cereais de castelá e os viños do Ribeiro tan apreciados en Santiago.

A muralla determinou durante moitos séculos o desenrolo urbanístico da cidade, e tras as súas portas extramuros, instalábanse actividades molestas ou insalubres, tras

a Porta do Camiño, os pelamios e curtidoiros, tras a porta da Mámoa, as mancebías e lupanares.


Nunha pasaxe da novela describe así un escena habitual na Porta da Mazarelos, que era a vía de comunicación con Ourense.

“Estamos a once de novembro, día de san Martiño, e como todos os anos, canto tunante, borrachón e badulaque hai na cidade do apóstolo xuntárase na porta de Mazarelos á espera dos carros e das recuas de asnos que carrexan as pipas e bocois co viño novo das terras do Ulla e do Ribeiro. Como irmandiños da Fusquenlla a piques de entrar en batalla contra o seu antigo señor, agardaran inqueda diante da porta, aguzando ben os seus oídos para escoitaren os laios dos animais baixo o peso do gorentoso zume de Baco. Os pousadeiros e os tendeiros, que xa coñecían como as gastaba esa manda de ávidos lampantíns, e para evitaren os feridos e os mortos que caeran baixo as rodas e os pezuños das bestas outros anos, acordaran co Consistorio deixaren entrar, a primeira hora da mañá, tres carros coas súas pipas ben cheas para acalmar os ánimos e as gorxas da sedenta barafunda. Unha vez bébedos e sen folgos os asaltantes tras a rapina, o resto dos carros entrarían sen perigo, camiño das pousadas, fondas e adegas.”



Rúa da Armada (Cantón de San Bieito) 42.880943,-8.541780

Calella inexistente na actualidade pero que viría ocupar o lugar do actual cantón de san Bieito, na traseira da igrexa homónima. Nel situase o obradoiro de encadernación de Ambrosio Cavaleiro. Situado nun lugar moi estratéxico, preto da porta do Camiño e tamén da catedral e de san Martiño Pinario, atravesando a praza do campo onde estaba o Consistorio. Baixo eses soportais que se aprecian na imaxe ben puido situarse o obradoiro referido.



Deseguido un parágrafo da novela que fai referencia a esta rúa.

“Ambrosio Cavaleiro ten as xemas dos dedos deturpadas e encalecidas de chifrar coiro acotío durante os seus anos de aprendiz co seu mestre Ubaldo Luaces no obradoiro da calella d’Armada.

Xemas que deluvaron as máis ricas teas, veludos lisos ou picados, brocados, percalinas, damascos e tafetás de seda ou raso, chegadas dos máis remotos países.

Xemas que xamais espiroñaron o corpo do amado, que treme devecido diante do leito ante as promesas e os segredos do pracer que agardan por el entre as sabas.

Xemas que acariñaron os máis diversos tafiletes, marroquís, cordobáns, zapas e badanas das máis variadas bestas: de porco, de cabuxa, de año, de vitela, de gamo, de rebezo, de ovella e de serpe.

Xemas que xamais sentiron nin aloumiñaron a pel e a lanuxe do corpo amado, aterecidas pola friaxe dunha mañanciña de invernía tras unha noite de paixón.

Xemas frías e encalecidas.

Xemas de encadernador.”

Praza do Campo (Praza de Cervantes) 42.881169,-8.542713

Principal praza civil de Santiago naquela altura, recibía o ese nome pois nela celebrábase o principal mercado de alimentos e mercadorías da cidade. Nela situábanse ademais o edificio do consistorio e, onde hoxe está fonte, o denominado rolo xurisdiccional ou picota onde se axustizaba o cumprían a súa condena de escarnio público os condenados, xa fose pola xurisdición civil ou pola mesma Inquisición.



Así se describe na novela:

“Ao atravesar a praza do Campo, Ambrosio o aprendiz decátase de que as cinsas da fogueira na que ardeu a coitada María Rodríguez aínda seguen alí para exemplo do vulgo, a carón do cepo da Xustiza e o Rexemento. Os seus restos borrallentos non son reliquias ás que venerar nin corpo de cristián vello ao que soterrar, e moitos dos que por alí pasan apuran os seus pasos e cospen con xenreira

no cinsento remol, esquecendo a piedade e a compaixón que os evanxeos predicán entre os fieis servos do Todopoderoso.”


Mercado do Paraíso (Praza da Inmaculada) 42.881141, -8.544551

Aquí situábase a antiga fachada románica da catedral, chamada do Paraíso, que fora construída polo Mestre Bernardo. Era o acceso á catedral dos peregrinos que seguían os camiños Francés, Primitivo e Inglés, de aí a relevancia deste lugar. Esta fachada foi demolida no século XVIII tras un incendio e algunhas das súas figuras , como a Expulsión do paraíso, o Sacrificio de Isaac, etc., remataron na fachada das Praterías.

Nesta praza norte da catedral situábanse os postos cambeadores de moeda para os peregrinos estranxeiros, e os de souvenirs e recordos, cunchas e acibeches, que en gran medida servían para acreditar, ao regreso aos seus lugares de orixe, que se chegara a Compostela, pois só os máis podentes podían facer unha escritura nun escribán que dese fe da súa chagada á cidade e da vista ás reliquias de Santiago.

Temos que pensar que a catedral de Santiago da que se fala na novela pouco ten que ver coa actual, falamos aínda da catedral románica, antes de que se construíran todos esas portadas, lenzos, e torres barrocas que hoxe a definen e identifican. Era unha catedral máis humilde, pero xa cos seus espectaculares pórticos.

Este debuxo de José Vega e Verdugo de 1657, pode darnos unha idea aproximada da catedral da que estamos a falar.



Como se describe na novela.

“O lugar da cidade favorito de Ambrosio o aprendiz é o mercado do Paraíso. Nos seus postos, os cambeadores xogan coas enferruxadas moedas de países afastados, trocadas, tras arduos releos, cos teimosos peregrinos. O cego, acompañado pola súa zanfona, canta os seus pícaros romances para algarabía dos chegados hai pouco que, na procura da indulxencia do santo, viñeron por todos os camiños que abrollaron na cristiandade dende o día no que Calixto II, vigairo de Cristo, concedeu a Compostela o privilexio do xubileu. Entre o balbordo das gargalladas e dos berros en linguas que o rapaz descoñece, os petos e as faldriqueiras dos estranxeiros son baleirados con discreción polo cómplice e habelencioso guía do cego. Este non ergue do chan moitos máis palmos do que o fai Ambrosio o aprendiz, pero sabe máis da vida e da natureza dos homes do que se pode atopar en calquera dos libros, códices e pergameos que o mestre Ubaldo Luaces amorea nos andeis do seu obradoiro da rúa d’Armada.”

Tribunal da Inquisición (Praza de San Miguel) 42.88213,-8.54326

O tribunal do Santo Oficio de Santiago de Compostela o derradeiro creado en España, debido fundamentalmente a gran resistencia por parte do cabido catedralicio que non quería compartir o seu poder e prebendas cos esta nova institución. Finalmente, e coa mesma intervención de Filipe II, creouse e instalouse nun grupiño de casas unidas na praza de San Miguel. Nelas acomodáronse todas as súas instalacións: dependencias para os inquisidores e funcionarios; celas; salas de audiencias; a denominada “sala do segredo” , onde se oían as confesións; estudos, almacéns, celeiros...



“Chamarlle pazo ao vello casarón onde fican o tribunal do Santo Oficio e ás vivendas dos inquisidores é un chisco pretencioso. Son un feixe de casas vellas, que en tempos pertenceron a Gaspar de Zúñiga, conde de Monterrei, e que lindan co

mosteiro de San Martiño e coa súa horta, comunicadas entre si por un cimerio e húmido labirinto de escaleiras, portas e pasadizos. Os frades do cenobio queixáronse en máis dunha ocasión dos berros e laios dos presos nos seus cárceres secretos, que perturban o seu silandeiro retiro espiritual. Porén, o que máis os amola son as ruidosas esmorgas nocturnas que o inquisidor Muñoz Cuesta argalla co tesoureiro do tribunal, Vázquez Aguiar, na eira do pazo. Nelas abundan as escumosas xerras de viño e os corpos rotundos das amasias que ao abrente, de regreso aos bordeis, se asean, espidas, na fonte que preside a efíxie do evanxelista diante da portería do mosteiro, para escándalo dos frades.”

Praza do Obradoiro 42.880604, -8.545851

Na época quen que se ambienta a novela, denominábase praza do Hospital, polo Hospital Real. Daquela aínda non estaba pechada pola súa parte occidental, non se construíra aínda o pazo de Raxoi. E neste lugar quedaba parte da esboroadada muralla e unha torre, denominada da Praza, que servía de cadea civil e eclesiástica para os condenados e na cal dan cos seus ósos moitos dos personaxes da novela.

O nome de Obradoiro, procede seguramente de que os canteiros que construíron a fachada barroca, instaláronse nela ao aire libre para picar esteos e perpiaños e darlle forma cos seus ciceis e macetas.

Temos que imaxinar a praza sen lousar e a fachada da catedral sen eses gran lenzo barroco que contemplamos hoxe en día e maxinar o pórtico da Gloria todo policromado ao aire libre como na fachada de Praterías.



Nela celebrábanse grandes fastos e incluso as corridas de touros nas festas do patrón dende o século XVI ata 1802 que se fixo a derradeira, como se describe na novela:

“Na praza do Hospital xa se botou a terra que transportaron os arrieiros en tres ducias de carros, e ergueuse a praza de touros coa súa barreira, cos seus burladeiros, cos seus tourís e co seu canellón. Alzáronse tamén os taboados dende onde as autoridades do consistorio, o arcebispo, o cabido catedralicio, os señores inquisidores e os fidalgos presenciarán as corridas, namentres o pobo dará chimpos tratando de albiscar tras da barreira algún bo pase de muleta. E chegaron tamén os destros dende Castela que, malia a súa ben coñecida devoción mariana, se encomendan tamén ao apóstolo Santiago, que á hora de arrimarse aos cornos da besta non están de máis outras santas mans.

O día amenceu albadeado, mais a airexa que vén do norte trouxo uns nuboeiros ameazantes que cubriron as torres da catedral cun manto de chumbo. Ao mediodía o firmamento creba de improviso cun grande estoupido e os touros,

asustados, bradan nos seus provisionais currais diante de Fonseca. Polas súas gretas cinsentas, a chuvia comeza a caer en grosas pingas, anegando as rúas e enchoupando o albeiro. Os lóstregos peteiran a catedral con medo a batela, que o corpo santo do fillo do trebón mora nela, mais un deles, ousado, entra lixeiro polo seu teitume, provocando unha sarabia de tellas escachadas que caen sobre os mortos da Quintana e aqueles vivos que aínda non se puxeran a cuberto do corisco.”